

Acta da Reunión da Xunta de Facultade celebrada o 24 de febreiro de 2012

Asistentes:

Allegue Aguete, Pilar
Martínez Yáñez, Nora
Muleiro Parada, Luis Miguel
Pita Grandal, Ana María
Rodríguez Domínguez, M^a del Mar
Valcárcel Fernández, Patricia

Arias Martínez, M^a Antonia
Barahona Martín, Magdalena
Bergareche Gros, Almudena
Bouso Cedrón, Pedro
Castro Fernández, Ana Esther
Dávila Millán, Encarna
Domínguez Rubira, Carmen
Fernández Acevedo, Rafael
Fernández Carballo-Calero, Pablo
Fernández Docampo, Belén
García Mosquera, Marta
González Martínez, José Manuel
Grande Seara, Pablo
Ibáñez, Paz, Regina
Manzano González, Baltasar
Mariño de Andrés, Ángel M.
Martínez Hens, Helena
Martínez Táboas, Teresa
Orge Míguez, José Carlos
Rodríguez Damián, Amparo
Rodríguez Rodríguez, Emma
Ruiz Hidalgo, Carmen
Trigo Gómez, Pilar
Vicente Remesal, Javier de

Barreiro Carril, M^a Cruz
Estévez Abeleira, Teresa
Mourín González, Teresa
Fernández Vila, Rodrigo
Gurrero Saco, Alejandro
Lizarralde Fernández Alexander

Salgado André, Elena

Iglesias Prado, Elena

López Prieto, M^a Nieves
Rivas Suanzes, M^a Fernanda
Zas Varela, Mónica

Iníciase a reunión no Salón de Graos da Facultade sendo as 10.40 h. coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (acta da reunión do 22 de decembro de 2011)
2. Informes da Decana
3. Aprobación, se procede, da distribución da Carga Docente Básica.
4. Aprobación, se procede, da memoria económica do orzamento do ano 2011.
5. Aprobación, se procede, da aprobación da distribución do orzamento para o ano 2012.
6. Aprobación, se procede, da proposta de PDA da Licenciatura en Dereito (rama económico-empres.) para o curso académico 2012/2013
7. Aprobación, se procede, de diversos aspectos relativos ao límite de prazas nas titulacións impartidas nos centros (Graos, Traslados e segundos ciclos das titulacións a extinguir).
8. Aprobación, se procede, da proposta de PDA dos Graos en Dereito e Relacións Laborais e Recursos Humanos para o curso académico 2012/2013.
9. Aprobación, se procede, dos criterios para o reparto de recoñecementos docentes entre o profesorado para o curso académico 2012/2013, así como o reparto da reserva dun máximo do 5% das horas da PDA de cada un dos Graos.
10. Aprobación, se procede, da normativa interna de centro para a elaboración dos TFG.
11. Rogos e preguntas.

A Decana excusa a asistencia dos seguintes membros da Xunta: D. Pablo Menéndez García; D. Anxo Tato Plaza; D. Jaime Cabeza Pereiro; D. Rafael André Fernández; D. Fernando Lorenzo Merino; D. Henrique Macías.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (acta da reunión do 22 de decembro de 2011)

Apróbase a acta por asentimento

2. Informes da Decana

- a) Informa sobre as obras, infraestructuras e recursos xa adquiridos ou realizados e indica cales son as obras que xa están en marcha.
- b) Recorda o sistema de nomeamento de membros honoríficos do claustro de profesores e anuncia que se porá en marcha de inmediato para este ano.
- c) Informa sobre a tramitación da posta en marcha do Master InterUniversitario de acceso á profesión de Procurador, que será obxecto de tratamento nunha Xunta de Titulación do luns 27 de febreiro.
- d) Recorda que foi aprobado o Máster de acceso á profesión de avogado, que na Xunta de Titulación celebrada o luns 27 de febreiro, tratáranse diversos aspectos menores que se advertiron. Como relevante comunica que logo de moi avanzado o procedemento de posta en marcha do Máster, o Colexio de Avogados de Pontevedra púxose en contacto con nós para paticipar no mesmo e previsiblemente será autorizada a súa inclusión no proceso.
- e) Informa da Proposición non de Lei presentada que pode chegar a afectar a numerosos alumnos, no sentido de ter ou non que cursar o Master de acceso á Profesión de Avogado.

3. Aprobación, se procede, da distribución da Carga Docente Básica

A Decana aclara que en realidade este apartado versará sobre a reconsideración de manter ou non o Acordo sobre este punto acadado na última Xunta á vista das consecuencias que dito acordo pode ter e que agora xa se coñecen.

Diversos Profesores, como a Profesora Marta García Mosquera, Javier de Vicente Remesal, Helena Martínez Hens e Almudena Bergareche Gros, manifestan a súa postura en contra de reconsiderar o acordo acadado.

Pola súa banda, as Profesoras Belén Fernández Docampo e a profesora Magdalena Barahona expresan que coñecendo as consecuencias que se derivarán do acordo éste debe ser reconsiderado, pois implicará directamente a varias persoas que non poderán optar a prazas que, de repartirse a CDB, seguramente sí poderían convocarse.

A Decana propón que de prosperar a reconsideración do acordo, quede claro que se fai únicamente en atención ás circunstancias de personas que poderían quedar directamente

afectadas polas consecuencias da non distribución. É dicir, continúaase rexeitando abertamente a política Reitoral seguida con este centro. En todo caso recorda que a saída a concurso de prazas compételle non ás Facultades senón aos Departamentos.

A Profesora Helena Martínez Hens quere que se lle aclaren concretamente cales serían as consecuencias derivadas da distribución da CDB; por exemplo, cómo repercutiría nos Axudantes Doctores.

A Decana aclara que a Vicerreitora, se ben non por escrito, transmitiulle que a non distribución da CDB suporía non poder convocar prazas de nova creación, non afectaría, polo tanto, ás que poidan corresponder pola promoción do profesorado que vaia acreditándose e estea xa integrado na Universidade.

Logo do debate vótase e acádanse os seguintes resultados:

- a) Votos a favor de proceder á distribución da CDB: 18
- b) Votos en contra de proceder á distribución da CDB: 10
- c) Abstencións: 9

A Profesora Almudena Bergareche manifesta que o seu voto en contra non ten nada que ver con que rexeite a creación de novas prazas de profesorado, ao que naturalmente non se opón. Precisamente, explica, considera que o seu voto en contra pode facilitar a creación de prazas pero en número suficiente para atender ás circunstancias do Centro. E sí, efectivamente, sulña que, como recordou a Decana, a saída de prazas a concurso faise desde os Departamentos. A esta manifestación adhiérese a Profesora Helena Martínez Hens.

4. Aprobación, se procede, da memoria económica do orzamento do ano 2011.

Apróbase a memoria por asentimento.

5. Aprobación, se procede, da aprobación da distribución do orzamento para o ano 2012.

A Profesora Helena Martínez Hens pide explicacións en relación coa partida de atencións protocolarias.

A Decana explica que determinados gastos antes podían ir por outras partidas, agora mentres que a partida de gastos protocolarios pode ser modificada outras non, polo que ésta ofrece unha maior flexibilidade. En tanto a partida de gastos protocolarios non se pode aumentar respecto do presupuestado inicialmente pero sí se pode disminuir, polo tanto enténdese adecuado presupuestar unha cantidade axeitada para, de ser o caso, facer as modificacións pertinentes a outras partidas se ao avanzar o curso hai finalmente necesidade. O explicado pola Decana é ratificado pola Vicedecana de Asuntos Económicos.

A profesora Martínez Hens pregunta por qué se fixeron modificacións na partida 221.02.

Decana explica que a experiencia real é que os Departamentos somentes enviaban ao Decanato facturas de fotocopias. O que se quere é poñer a disposición do profesorado o papel e outros elementos de docencia, que poderían retirarse do Decanato. Se ben aclara que tamén se poderán realizar as fotocopias precisas para levar a cabo o labor docente polo profesorado.

Apróbase a distribución do orzamento por asentimento.

6. Aprobación, se procede, da proposta de PDA da Licenciatura en Dereito (rama económico-empres.) para o curso académico 2012/2013

A Profesora Marta García Mosquera quere deixar claro que o Reitorado debería entender que o feito de que unha materia quede con “0” horas de clase por deixar de impartirse non significa que deixe de existir actividade académica que sí ten que asumir o profesorado. Entende que isto debería reflectirse na PDA de algún modo.

Apróbase por asentimento aprobar a PDA da licenciatura en Dereito, solicitando que en 5º todas as materias teñan dous grupos.

7. Aprobación, se procede, de diversos aspectos relativos ao límite de prazas nas titulacións impartidas nos centros (Graos, Traslados e segundos ciclos das titulacións a extinguir)

Apróbanse por asentimento os seguintes límites de prazas:

Límite de prazas:

- a) Grao en Dereito: 80 (número indicado na Memoria do Grao)
- b) Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos: 80 (número indicado na Memoria do Grao)

Límite de prazas por traslado:

- a) Grao en Dereito intercampus con Dereito de Ourense: 10
- b) Con outros centros e universidades: 5
- c) Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos: 10

Segundos ciclos das titulacións LRU (titulacións a extinguir): mantense o acceso a segundo ciclo co límite de prazas de anos anteriores: 25.

A Profesora Almudena Bergareche pide que se insista en que se teña ben en conta o número alumnos reais que o profesor vaixe atopar na aula para evitar que non sucedan sorpresas de ter logo un 20% máis de alumnos dos esperados segundo a información oficial. Ademais esta circunstancia, considera, imposibilita absolutamente poñer en práctica unha avaliación continua rigurosa.

A Decana explica que xa este ano no cómputo da CDB se tomaron como referencia máis alumnos que 80, e seguirá reclamando que os cómputos se fagan tendo en conta o número real de alumnos.

Proposta de materias de Libre elección para a Licenciatura en Dereito:

- | | |
|--|--------------------|
| 1.- Delincuencia Económico-Empresarial: | 73 (N efec. 69.8) |
| 2.- Constitución Europea: | 49 (N efec.45.8) |
| 3.- Economía laboral: | 25 (N efec. 16.2) |
| 4.- Introducción ao Dereito Privado Galego: | 38 (N efec. 38.4) |
| 5.- Criminoloxía e Dereito Penal de Menores: | 26 (N. Efec. 22.8) |

Proposta de materias optativas para a Licenciatura en Dereito:

- 1.- Dereito do Transporte
- 2.- Dereito marítimo

Apróbase por asentimento solicitar que se activen as cinco materias de LE e as dúas optativas da proposta.

8. Aprobación, se procede, da proposta de PDA dos Graos en Dereito e Relacións Laborais e Recursos Humanos para o curso académico 2012/2013

PDA Grao en Dereito

Intervén a Profesora Marta García Mosquera para explicar cal é, ao seu entender, o plantexamento que late nas directrices que pretende impoñer a Reitoría.

As Profesoras Helena Martínez Hens e Almudena Bergareche, felicitan á Profesora García Mosquera pola súa exposición e adhiérense ao seu discurso.

Vótase a proposta presentada polo Decanato, acadándose os seguintes resultados:

- a) Votos a favor: 16
- b) Votos en contra: 0
- c) Abstencións: 11

Queda aprobada a proposta do Decanato para a PDA en Dereito por maioría.

PDA Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos

A Decana explica a proposta presentada e os cambios que polos datos coñecidos a última hora téñense que facer na mesma, pois acaban de recoñecernos un aumento de horas respecto das inicialmente atribuídas. Non obstante as horas recoñecidas aínda non son suficientes para impartir o curso complementario en condicións. Por tal motivo solicita unha delegación para continuar as negociacións e como mínimo esixir horas para impartir un curso complementario de 50 alumnos e dous grupos prácticos de 25.

Acórdase conceder a delegación.

Sométese a votación a PDA proposta no referido ao Grao excluindo o curso complementario, é dicir, restrinxindo a votación á proposta para o Grao ordinario.

Apróbase a proposta por asentimento.

Optativas nos Graos

Acórdase por asentimento que a Decana solicite o establecemento da limitación do número máximo de alumnos admitidos por materia optativa. Proporíase para determinar o número máximo a partir do número mínimo dos alumnos que se esperan incrementado nunha porcentaxe suficiente.

9. Aprobación, se procede, dos criterios para o reparto de recoñecementos docentes entre o profesorado para o curso académico 2012/2013, así como o reparto da reserva dun máximo do 5% das horas da PDA de cada un dos Graos

Somentes se aproban agora os criterios, non o reparto concreto. Estes criterios son os mesmos que nos veñen dados da Reitoría. A Decana explica que de conseguirse o 5% de reserva de horas no Grao de Relacións Laborais se adjudicará en parte aos profesores que formen parte dos Tribunais de avaliación dos TFG.

A única modificación significativa respecto do que anteriormente se facía, radica na detracción de 30 horas da bolsa de 210 horas dispoñibles que se adjudicarían ás persoas que levan o intercambio de estudantes

Ademáis, apunta, de ser posible, tentarase reservar algunha hora para os profesores que participaron no PAT.

Apróbanse estes criterios por asentimento.

10. Aprobación, se procede, da normativa interna de centro para a elaboración dos TFG

Logo de debatírense algúns extremos, apróbase por asentimento a normativa interna de TFG que se adxunta a esta acta como Anexo I

11. Rogos e preguntas

Non habendo rogos e preguntas, levántase a reunión sendo ás 14.35 h., do que dou fe como Secretaria

ANEXO I

NORMATIVA INTERNA DE CENTRO PARA A ELABORACIÓN DO TRABALLO FIN DE GRAO EN DEREITO E EN RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS

PREÁMBULO

O Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanza universitarias oficiais dispón nas Directrices para o deseño de títulos de Graduado (art. 12) que estas concluirán coa elaboración e defensa dun Traballo de Fin de Grado (en diante, TFG) orientado á avaliación de competencias asociadas ao Título.

Pola súa banda, as Directrices Propias da Universidade de Vigo sobre a estrutura e organización académica dos plans de estudos de grao (aprobadas en Consello de Goberno de 5 de marzo de 2008) recollen no punto 3, referente á “Estrutura Xeral dos Plans de Estudo de Grao”, que o TFG será obrigatorio e ofertado no sétimo ou octavo dependendo da titulación cuadrimestre cun valor académico que oscilará entre os seis e os trinta créditos ECTS. Asimesmo, a Universidade, no seu Consello de Goberno de 14 de novembro de 2011, aprobou o Regulamento para a realización dos Traballos de Fin de Grao.

Atendendo ás normas de estudos de Grao, as Memorias dos Títulos de Grao en Dereito e de Relacións Laborais e Recursos Humanos, avaliada positivamente pola ANECA, inclúen a elaboración e exposición do referido TFG por parte dos alumnos do derradeiro curso dos seus respectivos plans de estudos e dispón que o Centro aprobará unha normativa interna para a súa xestión.

En consonancia con todo o anterior, elaborouse a presente normativa interna de centro para a realización dos TFG.

CAPÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS

ARTIGO 1: OBXECTO

A presente normativa ten por obxecto regular a definición, titoría académica, procedemento de elaboración, presentación pública, avaliación e revisión do TFG do Grao de Relacións Laborais e Recursos Humanos.

ARTIGO 2: COMISIÓN DE TRABALLOS FIN DO GRAO DE DEREITO E DO GRAO DE RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS

1. A aplicación e interpretación desta normativa interna corresponderalle á Comisión de Traballos Fin de Grao de Dereito e de Relacións Laborais e Recursos Humanos.

2. Esta Comisión estará integrada por oito membros nomeados pola Xunta de Facultade, e responderán ao seguinte esquema:

- a) Decano/a ou membro do equipo decanal en quen delegue
- b) Os Coordinadores/as dos Graos
- c) Dous profesores/as a tempo completo con docencia maioritaria, un de cada Grao, a proposta do Decanato.
- d) Dous representantes do alumnado -un de cada Grao-, propostos polos representantes estudiantís de cada respectivo Grao.
- e) Un representante do PAS proposto polo PAS.

3. Os membros da Comisión deberán ser renovados ao inicio de cada curso académico conforme ao procedemento do apartado anterior.

ARTIGO 3: DEFINICIÓN DO TFG

1. O TFG forma parte do plano de estudos dos Graos de Dereito e de Relacións Laborais e Recursos Humanos, nos que se lles asigna una carga equivalente a 6 Créditos ECTS.

2. O TFG deberá ser realizado de xeito persoal e autónomo polo alumno/a seguindo as orientacións dun titor/a académico. Nonostante, o feito de que o TFG sexa un labor persoal non exclúe que, para desenvolver una proposta de envergadura suficiente, poidan participar varios estudantes, cada quen cunha parte precisa da tarefa global. En calquera caso, a realización dun traballo global por varios estudantes debe ser autorizado pola Comisión de Traballo Fin de Grao. De autorizarse, o alumnado implicado nun mesmo traballo compartirá a persoa titora e terá o mesmo Tribunal de avaliación, o que non afectará a que a presentación, defensa e avaliación sexán individuais.

3. O TFG estará orientado a que o alumno/a amose a capacidade de integración dos diversos contidos formativos recibidos e a adquisición das competencias vencelladas co Grao que cursa. En particular, deberá contribuir ao desenvolvemento das seguintes:

- a) Capacidade para definir a metodoloxía dun proxecto e formular un plan de traballo relacionado con un ou varios dos ámbitos de coñecemento presentes no Grao;
- b) Capacidade para realizar o traballo proxectado;
- c) Capacidade para presentar e defender publicamente o TFG.

4. A avaliación do TFG será responsabilidade dun Tribunal avaliador constituído de acordo co establecido no artigo 7 do presente texto. Non obstante, en atención ás circunstancias a Comisión poderá determinar fórmulas alternativas de avaliación, como a defensa a distancia de forma virtual.

ARTIGO 4: ORIENTACIÓNS XERAIS DE TFG

1. O TFG poderá revestir unha orientación teórica ou práctica, e poderá elaborarse en institucións o empresas externas da Universidade de Vigo, nos termos que se reflectan nos convenios institucionais asinados. No caso de que o TFG se elabore nunha institución externa á Universidade de Vigo, existirá a figura dunha persoa cotitora pertencente á institución ou empresa na que se realice o traballo.

2. Para poder matricularse no TFG será requisito imprescindible ter matriculadas todas as materias requeridas para finalizar o plan de estudos. A matrícula no TFG realizarase nos

períodos oficiais de matriculación dos estudos de Grao. A matrícula no TFG da dereito a dúas oportunidades de avaliación no mesmo curso académico. A validez da matrícula no TFG será a mesma que a de calquera outra materia e, polo tanto, remata o último día hábil do curso académico.

ARTIGO 5.- AUTORÍA DO TFG

1. O TFG será elaborado, como regra xeral, de xeito individual por cada un dos alumnos/as matriculados en forma e prazo nesta materia do Grao.
2. Xustificadamente, a Comisión poderá autorizar a elaboración de traballos en grupo composto por un máximo de tres alumnos nos termos previstos no artigo 3.2 deste texto. En todo caso, os integrantes do grupo deberán ser cualificados separadamente.
3. A titularidade dos dereitos de propiedade intelectual corresponderá ao autor ou autores do TFG. Poderá ser compartida co titor/a académica ou entidades públicas ou privadas colaboradoras de conformidade coa normativa vixente sobre a materia.

ARTIGO 6: TITOR/A ACADÉMICO/A

1. As tarefas de titorización, avaliación e cualificación dos TFG forman parte das obrigas docentes do profesorado.
2. Todos os TFG terán un titor/a académico, que será profesor do Grao en Dereito ou do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, respectivamente, e que orientará e supervisará a elaboración do TFG ao longo de toda a súa duración para o logro dos obxectivos e o desenvolvemento das competencias.
2. Todos/as o/as profesores con vinculación permanente e Axudantes Doutores que impartan docencia maioritaria nos Graos do Centro poderán actuar como titores académicos. Os profesores asociados poderán actuar como titores cando teñan unha adicación no centro correspondente, como mínimo, á de T3-P4. Excepcionalmente, a Comisión de Traballos Fin de Grao poderá autorizar a dirección a titorización de TFG a profesores non incluídos nesta relación por necesidade docente ou en atención á especial cualificación do profesor.
3. Un mesmo titor/a poderá ser responsable dun máximo de dous TFG por curso académico. Excepcionalmente a Comisión de Traballos Fin de Grao poderá autorizar que un profesor titorice un número maior de TFG cando as circunstancias do Centro o requiran ou se trate de co-titorizacións.
4. Se a natureza dun TFG o requirise, a Comisión de TFG poderá autorizar a elaboración do TFG en réxime de co-titoría entre profesores dos Graos do Centro ou entre profesores do Centro e outros docentes da Universidade de Vigo. Neste último suposto, un dos titores deberá ser profesor dalgún dos Graos impartidos no Centro.
5. Se a elaboración do TFG requirise a implicación de organismos ou entidades públicas ou privadas, ademais de que conste expresamente o seu interese na colaboración, proporase unha persoa como colaborador aos efectos de prestar a axuda necesaria para o desenvolvemento do TFG.
6. Nos casos de baixa prolongada dalgún titor, ou da súa desvinculación coa Universidade, a Comisión pertinente asignará un novo titor ao alumno/a afectado.

ARTIGO 7: TRIBUNAL AVALIADOR DO TFG

1. Antes do comezo do semestre correspondente, serán nomeados os Tribunais avaliadores de TFG de cada un dos Graos, que actuarán nas convocatorias oficiais de cada curso académico.
2. Formaranse para cada Grao 2 Tribunais. Os profesores que integren os Tribunais serán elixidos por sorteo entre aqueles que sexan docentes a tempo completo e membros da Xunta de Facultade. Os seis primeiros profesores de cada un dos Graos que saian no sorteo actuarán como titulares e os seis segundos como suplentes. Excepcionalmente, a proposta da Comisión de Traballos de Fin de Grao debidamente fundamentada, poderá facerse un sorteo para cubrir a vacante dun posto nun Tribunal que non poidera ser cuberta polo suplente.
3. Do concurso para a formación dos Tribunais quedarán excluídos aqueles profesores que tivesen formado parte dos Tribunais avaliadores no curso académico precedente.
4. Os membros suplentes dos Tribunais actuarán en substitución xustificada dos membros titulares, ou ben cando algún dos membros titulares sexa o titor do TFG avaliado.
5. Os membros dos Tribunais actuarán respectivamente como Presidente/a, Secretario/a e Vocal. Seguiranse os criterios de categoría docente e antigüidade para a determinación do Presidente/a e Secretario/a.
6. Os alumnos distribuiranse entre os dous Tribunais de cada Grado de forma correlativa atendendo as letras do alfabeto. Excluirase da avaliación diante de cada Tribunal aos alumnos que fosen titorizados por algún dos membros que o compoñen, debendo eses alumnos ser avaliados polo outro Tribunal.

CAPÍTULO II: DA MATRÍCULA E DAS PROPOSTAS TEMÁTICAS

ARTIGO 8: MATRÍCULA NO TFG

1. Para que a alumnado poida matricularse na materia: TFG será requisito imprescindible ter matriculadas todas as materias requiridas para finalizar o plan de estudos. A matrícula do TFG realizarase nos períodos oficiais de matriculación dos estudos de Grao e dará dereito a dúas oportunidades de avaliación nun mesmo curso académico, sempre que se dea a circunstancia da matrícula na totalidade de materias para a finalización do plan de estudos. A validez da matrícula do TFG será a mesma que a de calquera outra materia.

ARTIGO 9: PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS TEMÁTICAS

1. Os/as alumnos/as matriculados/as na materia de Trabajo Fin de Grao deberán poñerse en contacto cos profesores que poden ser titores de TFG, para conformar unha proposta de TFG axeitada aos seus intereses que terá que estar vencella ao perfil da titulación que cursan. Cada proposta temática deberá ir acompañada dunha breve exposición da finalidade e dos motivos que acreditan o interese e viabilidade do TFG proposto. As propostas que se presenten deberán levar o visto e prace dos respectivos titores. A tal efecto facilítase o modelo para presentar as propostas no Anexo I desta normativa.
2. En cada curso académico a Comisión de TFG dará publicidade aos prazos concretos nos que as propostas de TFG deben ser presentadas no Decanato da Facultade.
3. Rematado o prazo para a presentación de solicitudes, as propostas presentadas serán estudias pola Comisión de TFG que decidirá sobre a inclusión de cada proposta.

Necesariamente, deberá motivar as exclusións e abrir un novo prazo para a presentación de propostas.

ARTIGO 10: ASIGNACIÓN PROXECTO E TITOR/A ACADÉMICO/A

1. A Comisión de TFG aprobará e publicará antes da conclusión do primeiro semestre un listado de propostas temáticas, indicando o nome do alumno/a que elaborará o TFG e do/a titor/a académico/a responsable do mesmo.
2. A asignación de titor/a académico e proposta temática de TFG terá unha validez de un curso académicos. Unha vez transcorrido deberá realizarse un novo proceso de asignación.
3. Calquera conflito na titorización dos TFG tanto na asignación do titor coma na asignación do alumnado será analizado e resolto tendo en conta as circunstancias de cada caso pola Comisión de Traballo Fin de Grao.

CAPÍTULO III: DA PRESENTACIÓN PÚBLICA E AVALIACIÓN DOS TFG

ARTIGO 11: SOLICITUDE DE PRESENTACIÓN PÚBLICA DO TFG

1. A presentación pública e avaliación do TFG farase no correspondente período de exámenes segundo a matrícula en vigor.
2. O alumno/a solicitará a presentación e avaliación do TFG ao longo do segundo semestre do curso académico e, en todo caso, co visto e prace do seu respectivo titor/a académico. No Anexo II deste a normativa engádese un modelo de solicitude de presentación pública do TFG.
3. A solicitude de presentación, dirixida á Comisión, deberá ir acompañada dunha versión en papel e outra electrónica en cd do TFG no decanato co visto e prace do titor/a académico. Poderá aportarse a documentación ou material adicional que se estime oportuno para que sexa tomada en consideración polo Tribunal avaliador.
4. A efectos de avaliación, o titor/a académico emitirá un informe no que valorará a labor realizada polo alumno/a durante o período de elaboración do TFG. Este informe acompañará a documentación referida no punto 3.
5. En atención ás solicitudes presentadas, a Comisión establecerá e publicará, de acordo co respectivo Tribunal avaliador, a orde para a celebración do acto de presentación pública do TFG. Alomenos, fixarase unha data na convocatoria ordinaria de xuño e outra na extraordinaria de xullo.

ARTIGO 12: ACTO DE PRESENTACIÓN PÚBLICA DO TFG

1. O acto de presentación será realizado polo alumno/a en sesión pública na data e hora asignada.
2. O alumno/a exporá nun tempo máximo de quince minutos un resumo do TFG e dos principais resultados e conclusións acadadas. Posteriormente, sen superar os trinta minutos, os membros do Tribunal avaliador realizarán as observacións e consideracións oportunas.
3. Cando se trate dun traballo realizado en equipo, o Tribunal adaptará o acto de presentación en atención aos seus integrantes e tendo de conta que deberá cualificar de modo separado a cada un

dos integrantes do grupo.

ARTIGO 13: AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DO TFG

1. Celebrado o acto de presentación pública do TFG, o Tribunal avaliador deliberará sobre a cualificación tomando en consideración o informe emitido polo titor académico, a calidade do contido do TFG, así como a propia exposición, en particular, a claridade expositiva e a capacidade de debate e defensa argumental do alumno/a.
2. A cualificación final será a resultante da media aritmética das notas atribuídas por cada un dos membros do Tribunal avaliador.
3. Ao remate da avaliación e cualificación da totalidade do TFG, o Tribunal avaliador poderá conceder a mención de matrícula de honra de conformidade coa normativa vixente na Universidade de Vigo.
4. No caso de que o TFG non acade a cualificación mínima de aprobado (5), o Tribunal deberá indicar aqueles aspectos susceptibles de corrección e mellora para conquistar a devandita cualificación.
5. No anterior suposto, o alumno/a poderá presentar novamente o TFG á consideración do Tribunal avaliador na convocatoria extraordinaria.

ARTIGO 14: REVISIÓN DE CUALIFICACIÓN DO TFG

1. No prazo de cinco días contados desde a celebración do acto de presentación, o alumno/a poderá solicitar a revisión da cualificación outorgada ao TFG.
2. Na solicitude de revisión deberán constar, expresa e motivadamente, os aspectos concretos do TFG que fundamentan a discrepancia coa cualificación outorgada.
3. No prazo de quince días a contar dende a presentación da devandita solicitude, o Tribunal avalizador resolverá fundamentadamente.

ARTIGO 15: ARQUIVO DE TFG

Os TFG que obtivesen a cualificación mínima de aprobado (5) integrarán un arquivo de TFG en formato dixital baixo a custodia da Biblioteca da Facultade de Ciencias Xurídicas de do Traballo.

ARTIGO 16: NORMAS SUPLETORIAS

En todos aqueles aspectos non previstos nesta normativa interna será de aplicación a normativa da Universidade de Vigo e demais normativa xeral vixente.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA.- Ata a constitución da Comisión de Traballo Fin de Grao os/as Coordinadores/as das Titulacións adoptarán todas aquelas medidas necesarias para iniciar o procedemento previsto nesta normativa interna. Estas medidas deberán ser ratificadas pola Comisión na primeira xuntanza que celebre.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA.- En atención ás circunstancias presentes, o procedemento para a elaboración de TFG no curso académico 2011/2012, para os alumnos do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, adaptarase ao momento do ano no que se aproba esta normativa interna.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA TERCEIRA.- Sen perxuízo do que poida aprobar a Comisión de TFG terá una estrutura que respectará as pautas recollidas no Anexo III desta normativa interna

DISPOSICIÓN FINAL.- Esta normativa interna entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación pola Xunta de Facultade.

Á COMISIÓN DE TRABALLOS FIN DE GRAO (DEREITO)

Anexo II (a)

**MODELO DE SOLICITUDE DE PRESENTACIÓN PÚBLICA E AVALIACIÓN DO
TRABALLO FIN DE GRAO**

D./DNA.:..... D.N.I.:.....

EXPÓN:

Primeiro, que está matriculado na materia Traballo Fin de Grao no presente curso académico;

Segundo, que cumpre as condicións xerais esixidas para a presentación pública e avaliación do Traballo Fin de Grao e, especificamente, as establecidas no artigo 11.1 da normativa interna de elaboración do Traballo Fin de Grao.

Polo que, SOLICITA:

A realización do acto de presentación pública e avaliación do Traballo Fin de Grao titulado
.....
.....
.. do cal é titor/a académico D./Dna.

VIGO, a de de 20.....

O/A alumno/a

Visto e prace do Titor

Documentación que se achega:

1. Modelo de solicitude debidamente cumprimentado.
2. Catro exemplares do Traballo Fin de Grao co visto e prace do titor/a académico e un CD coa versión electrónica.
3. Documentación adicional (opcional).
4. Informe do titor/a académico.
5. Certificación académica.

**Á COMISIÓN DE TRABALLOS FIN DE GRAO (RELACIÓNS LABORAIS E
RECURSOS HUMANOS)**

Anexo II (a)

MODELO DE SOLICITUDE DE PRESENTACIÓN PÚBLICA E AVALIACIÓN DO TRABALLO FIN DE GRAO

D./DNA:..... D.N.I:.....

EXPÓN:

Primeiro, que está matriculado na materia Tráballo Fin de Grao no presente curso académico;

Segundo, ue cumpre as condicións xerais esixidas para a presentación pública e avaliación do Tráballo Fin de Grao e, especificamente, as establecidas no artigo 11.1 da normativa interna de elaboración do Tráballo Fin de Grao.

Polo que, SOLICITA:

A realización do acto de presentación pública e avaliación do Tráballo Fin de Grao titulado
.....
.....
.. do cal é titor/a académico D./Dna.

VIGO, a de de 20.....

O/A alumno/a

Visto e prace do Titor

Documentación que se achega:

1. Modelo de solicitude debidamente cumprimentado.
2. Catro exemplares do Tráballo Fin de Grao co visto e prace do titor/a académico e un CD coa versión electrónica.
3. Documentación adicional (opcional).
4. Informe do titor/a académico.
5. Certificación académica.

Á COMISIÓN DE TRABALLOS FIN DE GRAO (DEREITO)

Anexo III

NORMAS PARA A ELABORACIÓN DOS TFG

I. LÍNGUA DOS TRABALLOS

Os TFG poderán presentarse e defenderse en galego ou castelán.

II. ORIXINALIDADE E CARÁCTER INÉDITO DOS TFG

Os TFG serán necesariamente traballos orixinais e inéditos.

IV. CARÁCTER CIENTÍFICO DOS TRABALLOS

Os TFG que se presenten deberán conter necesariamente o plantexamento do tema, o seu desenrolo e as conclusións obtidas.

Os TFG irán precedidos de tres apartados previos:

- a) Un resumo.
- b) O elenco de palabras clave do estudo.
- c) Un Sumario global ou índice que recolla a totalidade de epírafes do TFG.

As conclusións deben quedar debidamente destacadas.

V. EXTENSIÓN E FORMATO DOS TRABALLOS

Os traballos Terán una extensión comprendida entre as 50 e 80 páxinas. Deberán remitirse en formato *pdf*. en letra Times New Roman. O corpo do texto principal presentarase no tamaño 12 e terá interlineado de 1,3 cm. As notas ao pé de páxina Terán tamaño 10 da mema letra e interlineado sinxelo.

Márxenes do documento:

- Marxe superior: 3.5 cm
- Marxe inferior: 3 cm
- Marxe dereito: 3 cm
- Marxe esquerdo: 3 cm

VI. CITA DE REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

As regras de presentación das citas e referencias que a continuación se recollen siguen as pautas máis comúns ás que se adaptan as investigacións xurídicas. Ofrecense como indicativas especialmente para este eido, e por tanto, preséntanse sen perxuízo de que se o TFG elaborado tivese unha maior vinculación con outra rama da ciencia (economía, socioloxía ou psicoloxía, principalmente), poida estar adaptado á metodoloxía propia da mesma.

PAUTAS METODOLÓXICAS

A primeira vez que unha obra sexa citada farase unha cita completa da mesma en nota ao pé, con arreglo aos seguintes formatos:

Identificación do autor o autores: apelido (ou, apelidos) e inicial do nome del autor, en maiúsculas ou versalitas, separados por unha coma e rematado con un punto. Exemplo: RODRÍGUEZ, M.; FOUZ GUITIÁN, B. (A separación entre autores farase con punto e coma).

A continuación haberá de diferenciarse según o tipo de traballo citado:

- **Libro:** título do libro en cursiva, seguido do número de edición (se hai máis de unha), editorial, localidade de edición e ano da mesma.

Exemplo: RAMOS MARVELOS, P.; *Incidencia de la protección del medio ambiente en el uso del suelo*, Bosch, Barcelona, 2011.

A separación entre o nome do autor e o título farase a través de punto e coma, e a separación do resto de indicacións referidas a través de comas.

- **Artigo en publicación periódica (revista):** título do artigo entre comillas, título da revista en cursiva –se a revista é coñecida comúnmente con algún acrónimo, éste tamén haberá de indicarse-, ano de edición, páxina inicial e final do artigo, ou páxina concreta do artigo no que consta o se trata o que se está a comentar.

Exemplo 1: RAMOS MARVELOS, P.; “Problemas derivados de la aplicación inmediata de la evaluación ambiental estratégica a los instrumentos de planeamiento urbanístico”, *Revista de Derecho Ambiental (RDA)*, nº 17, 2011, págs. 89-112.

Exemplo 2: RAMOS MARVELOS, P.; “Problemas derivados de la aplicación inmediata de la evaluación ambiental estratégica a los instrumentos de planeamiento urbanístico”, *Revista de Derecho Ambiental (RDA)*, nº 17, 2011, pág. 98..

- **Capítulo en colección de escritos de varios autores:** título do capítulo ou aportación escrita entre comillas, título da obra colectiva en cursiva, mención –de ser o caso- do nome do coordinador, director ou editor da obra conxunta, e, a continuación, mención da localidade e do ano de edición, páxina inicial e final do capítulo, ou páxina concreta no que consta o se trata o que se está a comentar.

Exemplo 1: RAMOS MARVELOS, F.; “La firma electrónica”, *Derecho y nuevas tecnologías*, (Dir. SERRA DOMÍNGUEZ, M.), Paitur, Madrid, 2011, págs. 30-65

Exemplo 2: RAMOS MARVELOS, F.; “La firma electrónica”, *Derecho y nuevas tecnologías*, (Dir. SERRA DOMÍNGUEZ, M.), Paitur, Madrid, 2011, pág. 47.

- **Obra en co-autoría:** os autores serán mencionados pola orden en que figuren no libro, artigo u outro tipo de escrito.

Exemplo: RODRÍGUEZ, M.; FOUZ GUITIÁN, B.; JUÁREZ TERRIOR, A.; E; *El turismo en el siglo XIX*, Paitur, Madrid, 2004.

As posteriores citas da mesma obra serán abreviadas, mencionándose, únicamente, o apelido (ou apelidos, de selo caso), do autor ou autores, e unha abreviatura do título da obra, seguida de tres puntos suspensivos entre paréntesis e da indicación “*opus cit.*,” (obra xa citada).

Exemplo: RAMOS MARVELOS, J.; “Problemas derivados de la aplicación, (...), *opus cit.*, pág. 35.

Modo de indicar as páxinas da obra ás que se refire a cita: farase coa abreviatura “pag.” ou “págs.”. dependendo se de se quere aludir a una ou máis páxinas.

